

MEMORIA DE ACTIVIDADES DO CEESG

ANO 2025



ÍNDICE

1.	Presentación	3
2.	Estrutura do CEESG	5
3.	Estado da colexiación.....	7
4.	Actividades.....	7
4.1.	Eixo de Participación colexial	8
4.2.	Eixo de Desenvolvemento Profesional.....	12
4.3.	Eixo de Acción Profesional.....	14
4.4.	Servizos do CEESG	16
4.5.	Representación e participación en órganos externos.....	17
4.6.	Convenios asinados.....	18
4.7.	Colaboración coas Universidades	18
4.8.	Eventos nos que participamos ou colaboramos.....	18
4.9.	Eventos ou formacións ás que asistimos.....	19
5.	Grupos de traballo.....	21
5.1.	aBeira-Escaravellando, Grupo de Intervención Socioeducativa con Familias, Infancias e Adolescencias.....	21
5.2.	Grupo de traballo sobre Animación Sociocultural e Xestión Cultural.....	21
5.3.	Fiadeiras, Grupo de traballo de Igualdade e Feminismos	21
5.4.	Geix, Grupo de Estudos e Intervención Xeragóxica.	22
5.5.	Miolo, Grupo de Saúde.	22
6.	Participación no CGCEES.....	23
7.	Outras cuestións	24

1. PRESENTACIÓN

A memoria 2025 do CEESG recolle un ano marcado pola consolidación de proxectos clave para a profesión e pola apertura de novos espazos de encontro, reflexión e aprendizaxe compartida. Ao longo deste período, o Colexio continuou traballando para fortalecer a Educación Social en Galicia, promovendo a colaboración entre profesionais, universidade e comunidade.

Un dos fitos máis destacados do ano foi a organización do **I Congreso Internacional Profesional e Interuniversitario de Educación Social**, un espazo que reuniu profesionais, docentes e investigadoras/es de diferentes universidades e entidades, así como participantes procedentes de diversos países. Este encontro permitiu compartir experiencias, investigacións e prácticas innovadoras que contribúen ao avance da profesión e ao fortalecemento das redes profesionais.

No ámbito das intervencións comunitarias, o proxecto **Aloumiños**, desenvolvido en colaboración co Sergas, continuou durante 2025 promovendo o benestar das persoas maiores en diferentes concellos galegos. A través desta iniciativa, educadoras sociais impulsaron hábitos saudables e xeraron espazos de encontro e participación, contribuíndo a combater a soidade non desexada e a mellorar a calidade de vida da poboación maior, nun claro exemplo do impacto positivo que a Educación Social pode ter no eido da saúde.

Así mesmo, mantívose a continuidade da **Convivencia Profesional e Interuniversitaria de Educación Social no Xurés**, unha iniciativa que segue fortalecendo os vínculos entre o ámbito profesional, o académico e o territorio. Este espazo de convivencia e aprendizaxe compartida favoreceu o intercambio de coñecementos, a posta en común de experiencias de intervención e a reflexión conxunta sobre os retos e prácticas da Educación Social.

Tamén se consolidaron outros espazos de encontro e convivencia profesional, como o **Encontro de educadoras/es sociais dos SEAF**, que permitiu reforzar as

redes entre profesionais e xerar un espazo de intercambio e formación arredor da praxe profesional.

No 2025 a formación permanente continuou sendo unha prioridade para o CEESG. Como educadoras/es sociais, resulta imprescindible a actualización constante de coñecementos e o desenvolvemento e fortalecemento de competencias profesionais. Trátase dunha cuestión esencial para fortalecer a práctica profesional, mellorar a calidade das intervencións e contribuír dese xeito ao recoñecemento da Educación Social.

Estas iniciativas, xunto con outras accións desenvolvidas ao longo do ano, reflicten o compromiso do CEESG coa promoción da Educación Social en Galicia, co fortalecemento da comunidade profesional, coa mellora das condicións profesionais e coa construción dunha sociedade máis inclusiva, participativa e comprometida co benestar das persoas e das comunidades. O Colexio continúa a traballar para acompañar á profesión nos seus retos presentes e futuros.

Xunta de Goberno do CEESG.

2. ESTRUCTURA DO CEESG

Xunta de Goberno.

No ano 2025 produciuse un cambio no grupo de persoas que compoñen o equipo de goberno do CEESG, coa baixa de Rodrigo Gil Cedillo (colex. 5328) como tesoureiro, e o paso de Iria García (antes vogal) a ocupar dito cargo. A Xunta de Goberno quedou polo tanto do seguinte xeito:

Presidenta: Sonia González Rodríguez. Colexiada 3402.

Eixo de Acción Profesional.

Vicepresidenta: Rocío Núñez Rúa. Colexiada 3867.

Eixo de Acción Profesional.

Secretario: Alfonso Tembrás López. Colexiado 103.

Área de Desenvolvemento Profesional.

Tesoureira: Iria García Martínez. Colexiada 3545.

Eixo de Acción Profesional.

Vogais:

Laura Fernández Rebollido. Colexiada 4797.

Jesús Deibe Fernández Simo. Colexiado 4851. *Eixo de Participación Colexial*

Felicidad González Tenreiro. Colexiada 3448.

Vanessa Otero Dios. Colexiada 5585.

Pilar Ramallal Fernández. Colexiada 4801. *Eixo de Desenvolvemento Profesional.*

Noelia Rodríguez Álvarez. Colexiada 3408. *Eixo de Participación colexial.*

María Jesús Segade Conde. Colexiada 455. *Eixo de Desenvolvemento Profesional.*




3. ESTADO DA COLEXIACIÓN

A 31 de decembro de 2025 estaban colexiadas no CEESG un total de 951 educadoras e educadores sociais. (827 mulleres e 124 homes)


Durante o ano tramitáronse 80 altas e 94 baixas colexiais.

A vinculación ao colexio como “Amigos/as do CEESG” pasou a denominarse “Precolexiación”. No curso 2024/2025 houbo 11 estudantes precolexiadas/os, e no curso 2025/2026, a data 31 de decembro, 7.

Implementouse a modalidade de “Colexiada/o Senior”, para persoas que estando xubiladas desexen continuar vencelladas ao colexio. No 2025 quedaron adheridas a esta modalidade 7 persoas.



Porcentaxe de colexiadas, por sexo.



Motivo das baixas colexiais

4. ACTIVIDADES.

4.1. EIXO DE PARTICIPACIÓN COLEXIAL.

- Celebración do Día Internacional da Educación Social. **DIES 2025:** IV Convivencia interuniversitaria e profesional de Educación Social. Lobios.
- Resolución do **11º Concurso TFG.eduso**. Premiáronse traballos académicos de TFG de Educación Social correspondentes ao curso 2023/2024. Foron tres os traballos premiados: un por cada modalidade, e unha mención do xurado.
- Convocatoria do **12º Concurso TFG.eduso** (curso 2024/2025)
- Venda e distribución de materiais do CEESG: libro **Son de Fiar, camiseta 8M #EducaciónSocialFeminista**, libro *A Educación Social* de **Os Bolechas**, e nova camiseta “Brava coma un toxo, feminista como a Educación Social”.
- Edición e publicación do calendario de sobremesa 2026, e do calendario-marcapáxinas.
- Participación nas campañas divulgativas, manifestos e comunicados propostos polo CGCEES, pola conmemoración de días internacionais ou por outros asuntos relacionados coa profesión e a xustiza social:
 - Colaboración na campaña de vídeos “Por un 8M de mulleres referentes na Educación Social”.
 - Difusión do comunicado denuncia do xenocidio contra o pobo palestino, esixindo a liberación das persoas activistas da Flotilla Sumud.
 - Difusión do comunicado polo Día Internacional da Educación Social “Educar social y éticamente en comunicación”.
 - Difusión do comunicado polo Día Mundial das Persoas Refuxiadas “Historias que unen, derechos que dignifican”.
 - Difusión do manifesto con motivo do Día Internacional do Orgullo LGTBIQ+.
 - Participación na campaña de vídeos polo Día Mundial da Infancia.
- Campaña en redes sociais para o fomento da colexiación. Unha serie de vídeos breves protagonizados por profesionais nos que contan por que

decidiron colexiarse, que significa para elas/es formar parte do noso colectivo ou por que consideran necesaria a colexiación.

○ **Apoio a campañas e iniciativas doutras entidades, e adhesión a diferentes iniciativas:**

- 8 de marzo. Día Internacional das Mulleres. Participación en actos e concentracións en diferentes localidades.
- Adhesión á Declaración "Tolerancia e respecto. Fronte ao discurso do odio e a aporofobia", impulsada por EAPN Galicia.
- Adhesión ao proceso social Lingua Vital Xa!, da plataforma Quere-mos galego!, para conseguir avances na normalización da lingua galega e garantir a súa presenza e oferta en todos os espazos e para todos os usos.
- Participación en diferentes manifestacións e concentracións en apoio a Palestina.

○ **Datos sobre prensa:**

▪ **2 COMUNICADOS:**

- Comunicado de condena polo asasinato dunha auxiliar do SAD no Porriño (con CGCEES).
- Comunicado pola vaga de lumes en Ourense.

▪ **2 NOTAS DE PRENSA:**

- Condena unánime polo asasinato da compañeira Belén en Badajoz e reivindicación da protección das/os profesionais do sector.
- Profesionais da Educación Social reúnen no Carballiño para mellorar o apoio ás familias.
- Santiago de Compostela acolle o I Congreso Internacional, Profesional Interuniversitario de Educación Social (CIPIES 2025)

▪ **1 CONVOCATORIA DE PRENSA**

- Concentración e minuto de silencio nas localidades da Coruña, Santiago, Ourense e Lugo, o día 13 de marzo, tras o asasinato dunha educadora social no seu centro de traballo. Sumáronse á concentración facultades e sindicatos.

▪ **1 ARTIGO DE OPINIÓN**

- *Precariedades que matan*, por Rocío Núñez Rúa, vicepresidenta do CEESG (eldiario.es)

▪ **19 APARICIÓN EN NOVAS DE PRENSA**

- *Un minuto de silencio por Belén Cortés e unha concentración contra a precariedade laboral na educación social*. (UVigo)
- *Educadoras sociais concentráronse esta mañá en cidades de toda España, tamén en Galicia, nun acto de solidariedade e de denuncia ante o asasinato en Badajoz dunha compañeira*. (Radio Galega)
- *"La precariedad laboral mata", advierten educadores sociales gallegos tras el asesinato de Badajoz*. (Galiciapress)
- *Educadoras sociais alertan de que "a precariedade laboral mata"*. (Nós diario)
- *"A precariedade mata": as educadoras galegas alertan tras o asasinato dunha compañeira en Extremadura*. (Praza)
- *Pola dignificación da educación social e a protección das/os profesionais*. (UDC)
- *Lugo se sumó a las protestas por el asesinato de una trabajadora de un piso tutelado en Badajoz*. (Onda Cero)
- *Educadoras sociales de Galicia piden atención: "Hay gente que va con miedo a trabajar"*. (Cadena Cope Coruña)
- *Educadores sociales se concentraron en A Coruña para exigir recursos a las administraciones públicas*. (Cadena Ser)
- *Entrevista a Sonia González, sobre Educación Social*. (RNE en Galicia)
- *Participación en debate radiofónico*. (Radio Galega)
- *A Xunta reforza a formación dos servizos de educación e apoio familiar dos concellos para favorecer o seu traballo en rede*. (Xunta.gal)
- *Todo a punto para a posta en marcha do 'Proxecto Aloumiños' de prevención da soidade non desexada*. (Galicia confidencial)

- *A Laracha: O proxecto Aloumiños presentará as súas actividades nun almorzo informativo en Vilaño. (21noticias)*
- *Cuatro municipios se beneficiarán del programa para reducir la soledad no deseada. (Diario de Ferrol)*
- *Sanidade y el Colegio de Educadores de Galicia se alían para combatir la soledad no deseada con el Proyecto Aloumiños. (Diario de Santiago)*
- *Almuerzo informativo del proyecto Aloumiños, el jueves, en Vilaño. (La Voz de Galicia)*
- *Andaina saludable para combatir la soledad no deseada en A Laracha. (Diario de Bergantiños)*
- *A Laracha. O proxecto Aloumiños organiza a andaina saudable que se vai celebrar este xoves pola mañá. (21noticias)*

▪ **4 ENTREVISTAS OU DECLARACIÓNS AOS MEDIOS**

- *Cómo llegan los menores de edad a los diferentes centros de un sistema de protección “precarizado y privatizado”: “Es vergonzoso lo poco que se invierte”. Infobae*
- *Profesionais ven un erro que a Xunta aglutine menores migrantes nun único centro. Nós diario.*
- *Menores migrantes en Galicia, da integración á segregación pola pugna da Xunta co Estado. Praza.*
- *Entrevista a Rodrigo Gil sobre o proxecto Aloumiños. Radio libertad.*

○ **Datos sobre redes sociais:**

- **Facebook:** 7342 seguidoras/es (91 novos).
- **Instagram.** 1708 seguidoras/es (358 novos).
- **Telegram.** 111 subscritoras/es (1 menos).
- Creación de páxina de **LinkedIn.** 981 seguidoras/es.
- Mantemento da canle de **Youtube** como aloxamento dos vídeos que compartimos nas demais redes.
- Eliminación da conta de **X**, polos riscos que esta plataforma representa en termos de desinformación e permisividade cos discursos de odio.

- **Publicacións:**
 - **EdusoGal. estudo diagnóstico sobre a Educación Social en Galicia**, sobre a situación da profesión e das/os profesionais en Galicia. Realizouse ademais un acto de presentación en colaboración coas Universidades colaboradoras da investigación.
 - **Libro de resumos do I Congreso Internacional, Profesional e Interuniversitario de Educación Social** (CIPIES-25), coas comunicacións e simposios presentados no mesmo.
 - **Traballo recompilatorio de artigos para próxima publicación da revista Galeduso.**
- **Outras accións de comunicación:**
 - Actos públicos de peche do proxecto Aloumiños nas diferentes comarcas nas que se levou a cabo o proxecto, así como elaboración e difusión dun vídeo presentación do proxecto.
 - Organización da exposición “Lecturas eduso”, levada a cabo polo alumno de Prácticum II.
 - Nominación como finalista nos III Premios *Mundo Eduso*, pola organización do CIPIES-25.

4.2. EIXO DE DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL.

- Coordinación e desenvolvemento dunha nova edición do Proxecto “**Aloumiños**”, financiado polo Servizo Galego de Saúde (Sergas). Trátase dunha iniciativa dirixida á poboación adulta e maior para a promoción de hábitos e contornas saudables, co que se crearon espazos de benestar, co obxectivo de aumentar a calidade de vida e o benestar asociado ás relacións interpersoais e o apoio social, así como a diminución dos sentimentos de soidade. A memoria será publicada proximamente.
- Organizáronse 8 accións formativas das que se beneficiaron 622 persoas:
 - ***Acompañamento á saúde mental dende a Educación Social: Estratexias para promover relacións de acompañamento ben-tratante baseadas no neurodesenvolvemento.*** Semipresencial, en Santiago.

- ***I Congreso Internacional, Profesional e Interuniversitario da Educación Social (CIPIES-25).*** Presencial, en Santiago, coorganizado co grupo SEPA da Universidade de Santiago, Grupo ECI-GAL da Universidade da Coruña, Grupo ForInterMed da UNED e Facultade de Educación e Traballo Social da Universidade de Vigo, Campus Ourense.
- Xornada ***Violencia sexual dixital e explotación sexual de menores: claves para a prevención.*** Presencial e gratuíta, en Santiago.
- ***III Encontro formativo SEAF. Servizos de Educación e Apoio Familiar.*** Presencial en Carballiño.
- ***IV Convivencia interuniversitaria e profesional da Educación Social,*** con actividades formativas, culturais e lúdicas que serviron como celebración do Día Internacional da Educación Social 2025, en Lobios.
- ***SensiSOS II. Creando alianzas antirracistas a través da sensibilización.*** Presencial e gratuíta, en Santiago.
- Xornada técnica: ***Prevención da explotación sexual na infancia e adolescencia. Ferramentas para profesionais que interveñen con menores en tutela, garda ou protección.*** Presencial e gratuíta, en Santiago.
- Xornada técnica: ***Crianza terapéutica e Instrumento VALORA.*** Presencial e gratuíta en Compostela.
- Faladoiro ***“Novas formas de comunicar na Educación Social”***, celebrándose dúas edicións: A Coruña e Ourense.
- Colaboración coa FEGAMP para impartir o curso en liña ***“Técnicas de acción socioeducativa: aplicación práctica dende a Educación Social”***.
- Mantemento de colaboracións con entidades para a realización de ***formación con descontos*** nas cotas de inscrición.

4.3. EIXO DE ACCIÓN PROFESIONAL.

- **Seguimento, revisión e presentación de alegacións relacionadas con prazas de Educación Social, tanto na Administración pública como en entidades privadas:**
 - Recurso de reposición á convocatoria de Educador/a familiar do Concello de Ribadeo.
 - Recurso de reposición á convocatoria de Educador/a familiar do Concello de Rois.
 - Alegacións á RPT do Concello de Oza-Cesuras.
 - Recurso de reposición á convocatoria de Educador/a social do Concello de Narón.
 - Alegacións á RPT do Concello de Dodro solicitando cambio de denominación do posto de Educador/a familiar e Educador/a social.
 - Recurso de reposición á convocatoria de Téc. para a coordinación de actividades dentro do Plan Municipal de envellecemento activo e prevención da dependencia do Concello de Valga.
 - Recurso de reposición á convocatoria de Docente da Universidade de Vigo.
 - Solicitude ao Concello de Oroso de que cubran a baixa da educadora social.
 - Recurso de reposición á convocatoria de Educador/a familiar do Concello de Carballo.
 - Escrito ao Decanato da Facultade de Comercio, Turismo e Ciencias Sociais da Universidad de Oviedo, así como aos grupos parlamentarios do Principado de Asturias, en apoio ao Colegio Profesional de la Educación Social del Principado de Asturias (CO-PESPA), solicitando que se manteña a oferta de emprego público que permitiría a incorporación de profesionais da Educación Social coa correspondente exclusividade e recoñecemento.
 - Escritos a entidades en relación con ofertas de emprego con requisitos de titulación que non se adecúan á normativa vixente.
- **Achegas a diferentes normativas, textos técnicos ou iniciativas relacionadas cos ámbitos de exercicio profesional da Educación Social.**

Segundo cada caso, as achegas poden incluír referencias ao

recoñecemento da Educación Social no ámbito de que se trate, e tamén propostas que sirvan para a mellor atención á cidadanía.

- Observacións durante a fase de consulta pública previa para a aprobación do Decreto polo que se regulan os **recursos de acollemento de nenos, nenas e adolescentes** con medida de protección á infancia e á adolescencia en Galicia.
- Achegas ao proxecto de Real Decreto sobre os **sistemas de acollemento de nenos, nenas e adolescentes**.
- Propostas ao CGCEES, para realizar achegas durante o proceso de consulta previa da lexislación sobre o **dereito á identidade dixital da infancia e a adolescencia**.
- Achegas ao **SEXSAN, Plan Galego de ITS**.
- Achegas ao Proxecto de decreto polo que se regula a creación da rede de dinamización da cultura no rural de Galicia, **Rede Adival**, e se regula o seu funcionamento.
- **Escritos ou xuntanzas en relación á situación dos sectores relacionados coa profesión.**
 - Escrito a Consellería en relación á licitación da xestión do CAPD de Ourense, solicitando que se asuma a xestión pública directa do mesmo.
 - Xuntanza no Ministerio de Sanidade, acompañando á Fundación Salma, sobre saúde mental infantoxuvenil.
- **Xuntanzas e espazos de colaboración con diferentes entidades públicas e privadas:**
 - Xuntanza coa Dirección Xeral de Inclusión Social e coa Dirección Xeral de Familia, para concretar colaboracións en diferentes espazos de formación e para abordar a situación da Educación Social nos concellos galegos.
 - Xuntanza coa Dirección Xeral de Familia para trasladar a situación dos centros de menores e as condicións de inseguridade en centros reeducación, tras un chamamento a colexiadas/os para que nos expuxesen a situación. Ademais, presentamos propostas de acción para o apoio técnico e económico a persoas maiores de idade que estiveron tuteladas pola administración pública, así

como proposta de elaboración de diagnose socioeducativa do acollemento residencial en Galicia.

- Xuntanza coa concelleira de Benestar Social, Participación e Igualdade do concello da Coruña, para falar da situación actual da Educación Social e medidas de posibilitar o traballo conxunto.
- Organización dun encontro con organizacións sindicais, sobre a situación dos convenios colectivos que afectan a sectores socioeducativos, así como da normativa actualmente en desenvolvemento. Apoiamos as súas reivindicacións e sumámonos ás mobilizacións.
- Xuntanza con dúas profesionais da Educación Social que trasladaron unha situación laboral relacionada co exercicio profesional nunha entidade do ámbito socioeducativo, vinculada á supresión da figura profesional.
- Xuntanza coa UNIR (Universidad Internacional de La Rioja), para estudar posibles colaboracións.
- **Comisión Ética e de Benestar Profesional:**
 - Xuntanzas internas e representación na Comisión do CGCEES.
 - Traballo en colaboración coa Comisión do CGCEES, para a revisión do Código Deontolóxico da profesión de Educación Social.

4.4. SERVICIOS DO CEESG

- **Emprego.** Publicación de 397 ofertas de traballo que suman máis de 430 empregos.
- **Listaxe de empresas de Educación Social,** a disposición de entidades ou particulares que poden procurar dos seus servizos.
- **Formación con desconto** para persoas colexiadas ou amigas do CEESG, ofrecidas por diversas entidades.
- **Asesoramento xurídico.** Atendéronse 96 consultas colexiadas, enfocadas sobre todo a dereitos laborais, tanto no eido público como privado.
- **Correo-e.** Creáronse 5 novas contas de correo para colexiadas/os.
- **Atención colexial e á cidadanía.** Atendéronse consultas diversas sobre a profesión, a maioría realizadas por persoas colexiadas.
- **Listas de Peritaxe.** Remitíronse aos xulgados e tribunais galegos as listaxes de educadoras/es sociais dispostas/os a realizar accións periciais.

- **Información.** Continuou o servizo de información a través de correo-e para colexiadas/os e precolexiadas/os do CEESG.
- **Ética e deontoloxía.** A Comisión de Ética e Benestar Profesional recibiu unha petición de orientación.
- **Préstamo de instalacións e recursos.** Non houbo solicitudes de préstamo de materiais.
- **Biblioteca.** Realizáronse 4 préstamos e rexistráronse 55 novas publicacións ou materiais, entre os que destaca a adquisición de varios xogos. Rematou o proceso de expurgo de publicacións e iniciáronse melloras no sistema de catalogación.
- **Seguro de Responsabilidade Civil Profesional.** O Seguro pasou a ser un servizo incluído na colexiación, pagándose xunto coa cota colexial do primeiro semestre. Aplicable a todas as persoas colexiadas excepto “Colexiadas/os senior”.

4.5. REPRESENTACIÓN E PARTICIPACIÓN NOUTROS ÓRGANOS.

- **Consello Galego de Benestar Social.** Xunta de Galicia. Non se celebraron plenos deste órgano.
- **Observatorio Galego de Violencia de Xénero** da Xunta de Galicia. Participación nas dúas xuntanzas plenarias celebradas.
- Participación nas xuntanzas da **Mesa local de Coordinación Interinstitucional contra a violencia de xénero** do Concello de Santiago, e na súa Comisión de Prevención.
- **Foro Galego de Inmigración.** Participación nas xuntanzas mensuais e nas diferentes iniciativas.
- **Regaeder.** Rede Galega de Educación e Desenvolvemento do Rural. Participación na asemblea.
- **Plataforma Queremos Galego!** Participando nos plenarios comarcais de Compostela, no grupo de traballo “sociedade” e nas mobilizacións convocadas.
- **Consello Municipal de Igualdade** do Concello de Santiago, participando nas xuntanzas convocadas.

4.6. CONVENIOS ASINADOS.

- **Sergas, Consellería de Sanidade.** Desenvolvemento por segundo ano do proxecto Aloumiños, que ten por obxecto minimizar os efectos da soledade non desexada, mellorando a saúde física e psíquica, e por tanto, a calidade de vida tanto das persoas que a padecen como da poboación en xeral.
- **Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade.** Contrato de patrocinio para levar a cabo o I Congreso Internacional de Interuniversitario de Educación Social.

4.7. COLABORACIÓN COAS UNIVERSIDADES.

A parte das accións xa mencionadas, a colaboración coas universidades viuse reflectida noutras actividades:

- Colaboración na materia **Contextos e Ámbitos da Educación Social**, da Universidade de Santiago, achegando a visión de profesionais en diferentes ámbitos de traballo.
- Colaboración de profesorado como **xurado do 11º Concurso TFG.eduso.**
- **Presentación do CEESG** na materia de Formación e Profesionalización en Educación Social, na Universidade de Santiago.
- Colaboración na materia **Inserción Laboral e Formación Continua dos Profesionais da Educación Social**, da Universidade de Santiago, nunha sesión na que falamos de saídas profesionais.
- Acolida dun alumno de **Prácticum II**, de 4º de Educación Social, da Universidade de Santiago.
- Organización do **Congreso Internacional Profesional e Interuniversitario de Educación Social (CIPIES)**, xunto á Universidade da Coruña, Universidade de Santiago, Universidade de Vigo (Campus Ourense) e UNED.
- Colaboración na materia **Educación Social, servizos sociais e iniciativa cidadá**, da Universidade de Santiago, coa presentación do proxecto Aloumiños.

4.8. EVENTOS NOS QUE PARTICIPAMOS OU COLABORAMOS.

- **XXI Xornadas Interxeracionais Rurais**, organizadas pola Asociación

veciñal de Cabreiros e Universidade de Santiago.

- Colaboración na **Semana da Educación Social**, organizada por EdusoTV, coa participación nunha masterclass en liña explicando o traballo que levamos a cabo dende os colexios profesionais.
- Carta de apoio ao Proxecto “Olas de cambio”, de Aventureira S. Coop. Galega.
- Acto de graduación do XIII promoción do Grao en Educación Social.
- Participación na Xornada **Móbiles con sentido: acompañar e educar a adolescencia no seu uso**, organizada por FANPA Compostela.
- Participación no **Seminario Anual de EAPN-ES**, no panel “Tejer confianza, transformar sistemas: el rol del Tercer Sector en unos servicios públicos más justos”.
- **IV Jornada de Buenas Prácticas de la Red Soledades**, na que o proxecto Aloumiños foi un dos proxectos escollidos para ser presentados, recibindo o accésit a mellor práctica.
- Participación na **Jornada: Prevención integral del suicidio. Territorio y comunidad**, organizada por el Ministerio de Sanidad. Presentouse o proxecto Aloumiños.
- Stand na Feira **EmpregoInCampus**. Feira de emprego no Campus de Ourense, organizada pola Universidade de Vigo.
- **XXXV Congreso da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria**, celebrado en Ourense.
- **Foro de reflexión e debate sobre o Estado do Benestar e os seus retos no século XXI**, organizado por Cadena SER Galicia.
- Participación na **Xornada Internacional de Reflexión: coidar a saúde mental da mocidade en risco**, organizada pola ONG Igaxes.
- **Invernada de cine de Cabreiros**. Asociación veciñal de Cabreiros.

4.9. EVENTOS OU FORMACIÓNS ÁS QUE ASISTIMOS.

- Acto de homenaxe “**Mulleres de Compostela 2025**”.
- Obra de teatro “**Soños**”, unha peza que busca rematar co estigma que cargan os e as mozas tuteladas e no que o equipo artístico, a rapazada e as educadoras sociais traballaron conxuntamente para crear unha ficción moi realista.

- Acto XXXV **Aniversario de COGAMI.**
- Xornada “**A ética como soporte da intervención social**”, organizada polo Comité de Ética en Intervención Social (CEIS) do Consorcio As Mariñas.
- Curso de “**Educación Social especializada en contextos de catástrofes y emergencias**: estrategias de prevención, intervención y reconstrucción comunitaria”, organizado polo COEESCV.
- **Encuentro de familias por la salud mental** “Cambio de paradigma: ya no seremos más tiempo invisibles”, organizado pola Fundación Salma.

5. GRUPOS DE TRABAJO.

5.1. ABEIRA-ESCARAVELLANDO, GRUPO DE INTERVENCIÓN SOCIOEDUCATIVA CON FAMILIAS, INFANCIAS E ADOLESCENCIAS.

Integrantes do grupo:

- José Luis Carballo Iglesias.
- Rosalía Castro Sabugueiro.
- Deibe Fernández Simo.
- Sonia González Rodríguez.
- Eva Moldes Casal.
- Rocío Núñez Rúa.
- María Quintas Sotelo.
- **Baixas en 2025:** Gabriel Aúd Vázquez.

5.2. GRUPO DE TRABAJO SOBRE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL E XESTIÓN CULTURAL.

Integrantes do grupo:

- Iván García García.
- Fernando Lavandeira Suárez.
- Natividad Lorenzo Campos.
- Lucía Mosquera Miramontes.
- Santiago Nieto Romarís.
- Vanesa Otero Dios (coordinadora)
- Xabier Riádigos Couso.

5.3. FIADEIRAS, GRUPO DE TRABAJO DE IGUALDADE E FEMINISMOS.

- Participación Mesa local de Coordinación Interinstitucional contra a violencia de xénero. Grupo de traballo Prevención e Educación. Concello de Santiago de Compostela.
- Organización do Espazo de encontro feminista no Congreso CIPIES-25.
- Participación no Pleno do Observatorio Galego da Violencia de Xénero.
- Punto Lila no Día Internacional da Educación Social. Punto Lila no Xurés.
- Representación na Comisión de Xénero e Diversidade do CGCEES.

- Representación Ceesg no grupo de Traballo 3 “Abordaxe da Violencia de Xénero coa mocidade dende o ámbito educativo” e Subgrupo técnico 3.
- 5 Xuntanzas do Grupo de traballo.

Integrantes do grupo:

- Eva Mª Bastón Martínez.
- Noelia Darriba García.
- Natalia Domínguez Galán (coordinadora).
- Raquel López Fernández.
- Tania Merelas Iglesias.
- Dolores Rama Vázquez.

5.4. GEIX, GRUPO DE ESTUDOS E INTERVENCIÓN XERAGÓXICA.

- Representación na Comisión permanente de Envellecemento activo, ALV e intergeneracionalidad, do CGCEES.

Integrantes do grupo:

- Selene Arias Sáez.
- Mónica Serrano Soto.
- Esther Pérez Enríquez.
- Laura Vilaboy Romero (coordinadora).
- Vanessa Villar Armada.

5.5. MIOLO, GRUPO DE SAÚDE.

Integrantes do grupo:

- Laura Casal Figueroa.
- Ana García Liñares.
- Débora González Rodríguez.
- Manuel Rodríguez Iglesias.
- Alfonso Tembrás López.
- Tamara Ramos Tato.
- **Baixas en 2025:** Sara Alba Gómez.

6. PARTICIPACIÓN NO CGCEES

- Participación na **Xunta de Goberno** do CGCEES, no cargo de Vicepresidencia (Noelia Álvarez Rodríguez).
- **Coordinación da área de Comunicación.**
- Participación nas campañas divulgativas, manifestos e comunicados propostos polo CGCEES, pola conmemoración de días internacionais ou por outros asuntos relacionados coa profesión e a xustiza social.
- Participación nas **Asembleas, Xuntas de Goberno e outras xuntanzas.**
- Participación na **Comisión de Educación Social no sistema educativo.**
- Participación na **Comisión de Ética.**
- Participación na **Comisión de Xénero e Diversidade** (Grupo Fiadeiras)
- Participación na **Comisión permanente de Envellecemento activo, ALV e intergeneracionalidad.** (Grupo Geix)
- Participación na **Vocalía de Sociolaboral.**
- Participación no proceso de revisión do **Regulamento de Réxime Interno** do CGCEES, coa presentación de emendas.

7. OUTRAS CUESTIÓNS

Retribucións compoñentes Xunta de Goberno: ningún dos cargos da Xunta de Goberno é remunerado.

Importe das cotas colexiais 2025:

Cota de alta:

- Xeral: 65 €.
- Redución para persoas tituladas recentemente: Gratis no curso inmediatamente seguinte ao do remate dos estudos de Educación Social.

Cotas de mantemento colexial (semestral):

- Cota xeral: 73,34€
- Bonificada por desemprego: 36,67€
- Bonificada por salario inferior ao SMI: 55€
- Colexiada/o senior: 36,67€.

Importe das cotas aprobado en Asemblea Xeral Ordinaria do ano 2007. A actualización da cota de mantemento segundo o IPC (Acordo da Asemblea Xeral Ordinaria do ano 2017) quedou anulado dende 2021 (Acordo da Asemblea Xeral Ordinaria do ano 2021).

Cotas de precolexiadas/os: 20€ por curso académico (Acordo da Asemblea Xeral Ordinaria, ano 2012)

Cota por traslado de expediente: 20 €.

Cota do seguro de responsabilidade civil: 4,59€/ano.

Número de procedementos informativos e sancionadores: 0.

Número de queixas e/ou reclamacións presentadas por persoas usuarias e consumidoras: 1.

Cambios no contido do código deontolóxico: Continuouse un proceso de revisión, pendente de aprobación definitiva.